

A inscrición para esta actividade é gratuita. Deberase descargar na web da Asociación Profesional de Historiadores da Arte de Galicia (A.P.H.A.G.) o boletín de inscrición e envialo por correo electrónico a aphag@historiadaarte.org ou por correo postal ao apartado nº 1 - 15780 Santiago de Compostela.

O límite de inscricións é de 50 personas, tendo prioridade os membros da Asociación Profesional de Historiadores da Arte de Galicia.

Todas as inscricións recibirán un correo electrónico coa confirmación da inscrición na actividade.

No boletín de inscrición deberase precisar a modalidade na que se apunta, completa ou parcial. As persoas que desexen recibir o certificado con recoñecemento de 1 crédito de libre configuración deberán indicalo no boletín de inscrición

O prazo de inscrición na modalidade completa remata o 13 de febreiro, mentres que para a modalidade parcial pecharase 3 días antes de cada unha das visitas.

ORGANIZAN:



www.historiadaarte.org



do 16 de febreiro

ao 5 de xullo de 2008

GALICIA: UNHA CIDADE - UN MUSEO

Para un maior coñecemento da riqueza patrimonial e artística de Galicia, a Asociación Profesional de Historiadores da Arte de Galicia (A.P.H.A.G.) e a Asociación Cultural de Historia da Arte de Galicia ARTE-SONADO, organizan esta actividade, que permitiranos achegarnos de xeito directo ao noso patrimonio por medio dun ciclo de visitas a distintas cidades galegas, nas que se fará un percorrido guiado polo patrimonio histórico-artístico de cada cidade, complementado coa visita ao máis destacado centro museístico de cada unha delas.

Trátase dunha actividade dirixida principalmente a profesionais da Historia da Arte, tanto titulados como estudantes, por iso, os percorridos serán ofrecidos por Licenciados en Historia da Arte, os cales darán a coñecer os principais rasgos histórico-artísticos da riqueza patrimonial das cidades que conforman o programa.

O desenvolvemento da actividade consistirá nun itinerario guiado polo núcleo urbán durante a xornada matinal, no que se propón un achegamento dende a perspectiva histórico-artística aos principais exemplos patrimoniais, cunha duración aproximada de 3 horas. Finalizado este percorrido, a primeira hora da tarde continuará a actividade coa visita ao principal Museo ou Centro de Arte da cidade ofrecéndose un percorrido polas coleccións que neles se custodian e expoñen.

Debido a cuestións de organización, será preciso facer unha inscrición previa, sendo o máximo de inscricións o de 50 participantes. Está aberta una dobre modalidade de

inscrición: completa ou parcial. As persoas inscritas na modalidade completa que o desexen recibirán ao remate do curso un certificado de asistencia de 30 horas con recoñecemento de 1 crédito de libre configuración para os estudantes de Historia da Arte da Universidade de Santiago, debendo facer constancia deste aspecto no boletín de inscrición. Esta modalidade existe a participación, polo menos en cinco das visitas programadas.

A modalidade parcial está dirixida para aquelas persoas con interese en participar nalgunha das visitas. Neste caso deberase indicar no boletín de inscrición que cidade se desexa visitar.

PROGRAMA

16 DE FEBREIRO DE 2008: PONTEVEDRA.

- 10:30 h: Reunión na Praza de España.
- 11:00 h: Comezo da visita.
- 14:00 h: Fin da visita. Descanso.
- 15:45 h: Reunión ante o Museo de Pontevedra.
- 16:00 h: Visita guiada ao Museo de Pontevedra.
- 18:00 h: Fin da sesión.

29 DE MARZO DE 2008: VIGO.

- 10:30 h: Reunión na Porta do Sol.
- 11:00 h: Comezo da visita.
- 14:00 h: Fin da visita. Descanso.
- 16:15 h: Reunión ante o MARCO de Vigo.
- 16:30 h: Visita guiada ao MARCO.
- 18:30 h: Fin da sesión.

19 DE ABRIL DE 2008: A CORUÑA.

- 10:30 h: Reunión na Praza da Colexiata.
- 11:00 h: Comezo da visita.
- 14:00 h: Fin da visita. Descanso.
- 16:15 h: Reunión ante o Museo de Belas Artes.
- 16:30 h: Visita guiada ao Museo de Belas Artes.
- 18:30 h: Fin da sesión.

24 DE MAIO DE 2008: LUGO.

- 10:30 h: Reunión na Praza Maior
- 11:00 h: Comezo da visita.
- 14:00 h: Fin da visita. Descanso.
- 16:15 h: Reunión ante o Museo de Lugo.
- 16:30 h: Visita guiada ao Museo de Lugo.
- 18:30 h: Fin da sesión.

7 DE XUÑO DE 2008: OURENSE.

- 10:30 h: Reunión na Praza Maior
- 11:00 h: Comezo da visita.
- 14:00 h: Fin da visita. Descanso
- 16:15 h: Reunión ante a Catedral de Ourense.
- 16:30 h: Visita ao Museo da Catedral de Ourense.
- 18:30 h: Fin da sesión.

5 DE XULLO DE 2008: SANTIAGO.

- 10:30 h: Reunión na Praza do Obradoiro.
- 11:00 h: Comezo da visita.
- 14:00 h: Fin da visita. Descanso.
- 16:15 h: Reunión ante o Museo do Pobo Galego.
- 16:30 h: Visita guiada ao Museo do Pobo Galego.
- 18:30 h: Fin da sesión e clausura do ciclo.